

BIBLIOGRAFÍA COMENTADA SOBRE A LITERATURA INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO NO 1994

Blanca-Ana Roig Rechou (Coordenadora)

Xavier Campos Villar

Mar de la Fuente Bralo

Carmen Iglesias González

Juan Lago

María Xosé López Pérez

Cristina Mora Fernández

Francisca Paredes Méndez

1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Blanco, Carmen, *Libros de mulleres (para unha bibliografía de escritoras en lingua galega: 1863-1992)*, Vigo: Edicións do Cumio, 1994, 140 pp.

Como di a autora no “Limiar”, é “un libro de libros”...” unha definitiva catalogación bibliográfica das escritoras en lingua galega”. Divídese a obra en dúas partes. Na primeira, “Mulleres e libros”, trata de analizar socioloxicamente cándo e cómo apareceron os libros escritos por mulleres. Xa neste apartado, a autora comenta que a partir de 1978 a imaxe case exclusivamente poética das escritoras rompe definitivamente coa forte irrupción dos xéneros didácticos e da literatura infantil, que superan ámbolos dous en número ós libros de poesía neste período. Na narrativa, tamén é a partir deste ano cando o número de escritoras comeza a aumentar. Fai referencia a que o xénero máis deficitario é o teatro, onde as obras máis abundantes escritas por mulleres van dirixidas a un receptor infantil. Despois destes apartados, comenta o “xénero infantil e xuvenil” e o que chama “didáctico e xornalístico”. Salienta o avance espectacular do “polimorfo xénero infantil e xuvenil”, de tardía aparición. Reflexiona sobre “certa especialización feminina” no xénero. A segunda parte consta dun “Catálogo bibliográfico de escritoras”. Nel a autora intentou recolle-los libros escritos por mulleres en lingua galega entre 1863 e 1992. Esta segunda parte é a que interesa ós nosos fins debido a que inclúe as obras infantís publicadas nestes anos aínda que non de xeito exhaustivo.

Cascallar, María Consuelo, **Fernández Fernández**, M^a Jesús, **Sánchez Solano**, Mercedes, **Varela Fernández**, Consuelo, e outros, *A familia nos libros para nenos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, 25 outubro 1994, 195 pp.

Trátase dun catálogo de fichas dividido en tres apartados: relacións familiares harmoniosas, conflictivas e a familia na literatura fantástica. Cada unha delas consta

dos datos editoriais, dun reducidísimo argumento fixándose en datos familiares. Acompañan ó catálogo unha presentación do Conselleiro de Cultura, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, e unha “Introducción” dos autores na que queren deixar claro “a subxectividade dos criterios de clasificación” que propoñen. Explican que no apartado “Relacións familiares harmoniosas” toman como referencia o modelo de familia moderna e democrática, na que se desenvolven as necesidades afectivas e educativas dos membros, axente socializador, lugar de adquisición de normas de pensamento e comportamento e como realidade na que salvagarda-la vontade de autonomía dos membros que a compoñen. No apartado “Relacións familiares conflictivas” inclúen tódalas obras que presentan algunha distorsión familiar que provoca alteracións na interrelación dos seus membros e, por último, no epígrafe “A familia na literatura fantástica”, inclúe os títulos que se axustan ás características que do fantástico expón Jacqueline Held en *Los niños y la literatura fantástica. Poder y función de lo imaginario*. A seguir, e nos diferentes apartados, aparecen as fichas por orde alfabética.

Harguindey, Henrique e Barrio, Maruxa, *Antoloxía do conto popular galego*, Vigo: Galaxia, 1994, 232 pp.

O longo das 232 páxinas coas que conta este libro amósasenos un número importante de contos, todos eles titulados e cunha extensión diferente, aínda que a brevidade é tomada como marco referencial. Esta escolma, que xa contaba con antecedentes noutra do ano 1983 feita para a Biblioteca Clásica da Cultura Galega, está artellada en tres grandes bloques ben diferenciados: “O mundo con pelica de animal”, “O noso mundo e a súa xentiña” e “Cando algo sobrenatural intervéñen neste mundo”, seguido dun Epílogo: “Neste mundo traidor”. Non podemos esquecernos tampouco da introducción que se fai neste libro, onde se atopa un amplo estudo no que non se escatima ningunha aportación que nos poida servir para unha mellor comprensión na escrita das páxinas anteriores. Trátanse aspectos como “A definición”, “Clasificación temática”, “Antigüedad e vida” así como tamén distintos “Enfoques analíticos” entre outros. Veráse reflectido nestes contos o máis profundo da cultura mariñeira rural; un mundo tradicional no que a fantasía e a realidade están perfectamente vencelladas. Estas historias recollidas fielmente, achégannos a lugares, xentes e culturas dun tempo xa esquecido.

Nogueira Barcia, Xosé-Victorio e Fernández Fernández, María Xesús, *A nosa literatura infantil e xuvenil 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, 1994, 125 pp.

Un catálogo informativo no que se recollen os libros publicados en galego no ano 1993. Iníciase o libro cunha breve introducción na que se mencionan os obxectivos que pretenden conseguir co presente traballo, o contido e utilidade do mesmo; inclúen tamén unha clasificación dos textos en catro categorías: “Prelectores e primeiros lectores”, “Lectores autónomos”, “Xoves lectores” e “Xoves adultos”, tomando como base a idade do lectorado ó que van dirixidos. A continuación, preséntase o chamado “Catálogo de libros de literatura infantil e xuvenil en lingua galega 1993” no que se nos ofrece unha ficha completa e esbozo argumental sobre cada unha das obras. Os autores aparecen tratados por orde alfabética, sen unha distinción entre autores galegos e autores traducidos. Acompañan ás sínteses dos argu-

mentos uns índices indicando as páxinas do libro nas que se tratan os distintos autores, ilustradores, títulos, coleccións, editoriais e idades.

2. PUBLICACIÓN EN REVISTAS

Alvarez Núñez, Sabela, “*Rapazas de Agustín Fernández Paz*”, *Revista Galega de Educación* (Publicación de Nova Escola Galega, editada por Edicións Xerais de Galicia) 19, maio 1994, p. 97.

Descrición do contido e estrutura de *Rapazas*. Saliéntase o feito de que, neste libro, as protagonistas son cinco rapazas que están entrando na adolescencia. Céntrase despois na análise dun dos cinco relatos, o titulado “Un curso con Ana”, e destaca a defensa que se fai no mesmo da coeducación e da igualdade entre nenos e nenas en tódalas actividades escolares, defensa que se desprende de cada unha das páxinas do libro.

Araguas, Vicente, “Mucho cuento”, *Leer*, “Infantil y juvenil”, 75, Invierno 1994, pp. 88-90.

Panorámica e comentarios sobre a produción literaria galega neste ano. Unha das obras é *Antoloxía do conto popular galego* de Henrique Harguindey Banet e Maruxa Barrio, comentado nesta Bibliografía.

Bernárdez, Carlos L., “*O derradeiro dos mohicanos* de Fenimore Cooper”, *Revista Galega de Educación* (Publicación de Nova Escola Galega, editada por Edicións Xerais de Galicia) 19, maio 1994, pp. 97-98.

Breve información sobre o escritor e comentario de tipo argumental sobre a súa obra *O derradeiro dos mohicanos*. Trátase, segundo o articulista, dunha novela de aventuras inspirada nas vivencias e na experiencia xuvenil de Cooper e ambientada na fronteira cos indios. Para rematar, Carlos L. Bernárdez comenta que Xela Arias, na tradución ó galego desta obra, rompe coa tradición de eliminar múltiples fragmentos do orixinal co fin de adaptalo a un lectorado xuvenil e reproduce o texto íntegro.

Blanco, M., “Helena Villar Janeiro, *Don merlo con chaqueta*, 1993” *Papeles de Literatura Infantil* (Servicio municipal de educación, Seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 26.

Breve comentario de carácter argumental e lingüístico sobre *Don merlo con chaqueta*, obra na que Helena Villar Janeiro fai uso, como sinala o comentarista, de boa parte da súa orixinalidade á hora de escribir.

_____, “Alberto Avendaño, *Os náufragos de Malakadula*, 1993”, *Papeles de Literatura Infantil* (Servicio municipal de educación, Seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 28.

Breve recensión do contido desta obra e referencia á sinxeleza da linguaxe empregada, moi próxima á fala popular.

Cascallar, C., “Paco Martín, *Dous homes ou tres*, 1993”, *Papeles de Literatura Infantil* (Servicio municipal de educación, Seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 29.

Fai unha diferenciación de dous planos na estrutura da obra: o individual e o social. No comentario lingüístico salienta a axilidade da linguaxe empregada e o efecto que pode producir sobre o lectorado.

Couto, Xoán, “*O gaitero e o rato Pérez de Bernardino Graña*”, *Revista Galega de Educación* (Publicación de Nova Escola Galega, editada por Edicións Xerais de Galicia) 19, maio 1994, p. 98.

Xoán Couto inicia o seu artigo cun breve comentario sobre o argumento da obra para centrarse logo nunha análise dos temas clave da historia: a preocupación do autor polo escaso hábito lector e os problemas que presenta a cidade fronte ó mundo rural.

Diéguez, Miguel A., “Literatura infantil y juvenil”, *El Urogallo* (Revista literaria cultural), 100-101, setembro-outubro 1994, pp. 61-65.

Visión xeral da Literatura Infantil, estudiando diferentes aspectos: autores, obras, editoriais, premios... O se referir á literatura galega, noméase a Agustín Fernández Paz e a súa obra *Trece anos de Branca*, gañadora do premio EDEBÉ de Literatura Xuvenil. Danse unhas notas argumentais e salientase a preocupación de Fernández Paz polos problemas da muller na sociedade actual.

Fernández, M^a Jesús, “Galicia: consolidación”, *Clij* (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil) 59, “Panorama”, marzo 1994, pp. 29-35.

Breve panorámica da literatura infantil e xuvenil galega dende os seus inicios, nos anos sesenta, ata os nosos días. Analízanse os feitos que a levaron á situación actual: cursos promovidos polas institucións, campañas de fomento da lectura, xornadas monográficas, etc. A seguir, faise un exhaustivo estudio da produción deste xénero no 1993 e coméntase que segue as liñas de anos anteriores. Cita obras de autores consagrados no xénero e acompañaas dun breve resumo de carácter argumental, agrupándoas polo tema e pola idade á que se dirixen, tamén se tratan as traducións e reedicións feitas. Volvendo ó desenvolvemento da literatura infantil e xuvenil galega, cítanse outros feitos como a colección “O lagarto pintado”, patrocinada pola Consellería de Cultura, as edicións da Biblioteca Nova 33 nas que aparecen os premiados no Certame Rúa Nova de narracións xuvenís ou a colección “Os Piratas” da editorial S. M. O artigo remata coa mención do 7º Salón do Libro Infantil e Xuvenil celebrado na Coruña do 29 de xaneiro ó 4 de febreiro de 1994, dedicado nesta ocasión ós libros de medo, unha porta aberta cara a unha nova esperanza nos vindeiros anos.

Fernández, Victoria, “Informe: premios del 93”, *Clij* (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil) 60, “Editorial”, abril 1994, p. 5.

Introducción ó informe de premios do ano. Entre os galardoados cita ós galegos Agustín Fernández Paz, Darío Xohán Cabana e Bernardino Graña, que acadaron o Premio Edebé de Literatura Xuvenil, O Barco de Vapor e o Premio Merlín, respectivamente.

Fernández Paz, Agustín, “Ler en Galicia/Ler en galego”, *Vela Mayor* (Revista de Anaya Educación), Ano I, nº 1, 1994, pp. 73-83.

Agustín Fernández Paz neste traballo refírese, en primeiro lugar, á lectura en Galicia

e, en segundo, á lectura en galego. Reflexiona sobre a importancia da lectura nas aulas. Postula que a animación á lectura en galego é un labor que esixe estratexias específicas e imaxinativas e que corre parella co proceso de normalización lingüística no ensino. Acompañan ó artigo a reprodución das portadas de catro publicacións de literatura infantil e xuvenil: *As flores radiactivas* e *Rapazas* de Agustín Fernández Paz, *O segredo da pedra figueira* de María Xosé Queizán e *A chamada das tres raiñas* de Xoán Babarro e Ana M^a Fernández.

_____, “A lectura e a literatura infantil galega”, *Vela Mayor* (Revista de Anaya Educación), Ano I, nº 1, 1994, pp. 84-87.

O articulista achégase de novo neste artigo á lectura e á literatura infantil galega. Salienta a necesidade de fixa-la nosa atención na edición de libros en galego destinados a un público infantil e xuvenil, para entende-lo estado actual da lectura nesta lingua e a importancia que para o desenvolvemento da mesma suporía a súa introducción oficial nas aulas. Ó longo das páxinas que conforman este artigo, aparece un cadro que serve para ve-lo estado actual da edición de libros infantís e xuvenís en galego a través da súa actividade editorial, facéndose referencia a varias coleccións.

Garralón, Ana, “Peter Härtling o los límites de la ficción”, *Clij* (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil), 65, “Estudio”, outubro 1994, pp. 15-26.

A autora percorre a obra de Peter Härtling da que se traduciron ó galego algúns dos seus títulos como *Este era Girbel*. Complétase o artigo cunha biografía deste autor alemán.

González, C., “Ann Macpherson e Aidan Macfarlane, *Eu tamén son maniática*, 1993”, *Papeles de Literatura Infantil* (Servicio municipal de educación, seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 27.

Comentario do fío argumental, baseado nas preocupacións dunha adolescente pola sociedade na que vive, dende unha óptica natural e sinxela.

_____, “Kenneth Grahame, *O vento nos salgueiros*, 1993”, *Papeles de Literatura Infantil* (Servicio municipal de educación, seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 27.

Breve recensión na que se informa do argumento da obra e se salienta a prosa poética empregada por Grahame para facer unha crítica dos valores sociais e das desigualdades existentes no mundo.

M. B., “Colección Infantil e Xuvenil de Sotelo Blanco. Catro novos libros para primeiros lectores”, *Revista Galega de Educación* (Publicación de Nova Escola Galega, editada por Edicións Xerais de Galicia) 19, maio 1994, p. 96.

Brevísima información introductoria sobre a colección Infantil e Xuvenil de Sotelo Blanco centrándose, sobre todo, no formato e na presentación dos catro títulos publicados para os primeiros lectores. Ademais engade unha sucinta recensión de carácter argumental sobre as obras *Tres nenos nas alturas* de Carmiña Blanco, *Don Ogro de papel* de Xosé A. Perozo, *A aldea das catro primaveras* de Xoán Babarro e *Colección de bolboretas* de Luís Rei, publicadas todas elas na citada colección.

Otero P., “José Luís Cortés, *Un cuño independente*, 1993”, *Papeles de Literatura Infantil*

(Servicio municipal de educación, seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 26.

Despois de se referir á historia que se conta nesta obra, o comentarista subliña a importancia que as ilustracións teñen como complemento deste texto dirixido ós prelectores. Dáse a benvida a esta primeira obra da colección “Os Piratas” (S. M.).

Paterson, Katherine, “Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil”, *Radiotelevisión de Galicia*, “Nenos e libros”, abril 1994, p. 38.

Despois dunha breve introducción, na que se fai un repaso pola historia do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, que se celebra o 2 de abril conmemorando a morte de Hans Christian Andersen, reproduce o texto da mensaxe dirixida neste día a tódolos rapaces e rapazas do mundo. Este texto é elaborado cada ano por un país distinto. No 1994 foi Katherine Paterson (EE. UU.) a escritora encargada. Na súa mensaxe salienta que a lectura abre tódalas portas e pon o mundo nas mans da humanidade, poñendo como exemplo a norteamericanos ilustres: Frederick Douglas, Albert Einstein ou Emily Dickinson.

Plaza, J. M., “Después de la crisis, las editoriales españolas ante el 94”, *Leer*, “Infantil y juvenil” 70, *Leer* en invierno, febreiro-marzo 1994, pp. 71-75.

Análise panorámica da edición de libros infantís e xuvenís en España por parte dun grupo de editoriais que se adican ó fomento da literatura infantil e xuvenil. Os representantes destas editoras informan dos proxectos que están a desenvolver: premios (entre os que se cita o EDEBE que recaeu nas obras de Jordi Sierra i Fabra, Aydin e Agustín Fernández Paz, *Trece anos de Branca*), coleccións, temática, tratamento, etc.

———, “Premios literarios de 1993”, *Leer*, “Infantil y juvenil” 72, “Leer en primavera”, 1994, pp. 68-70.

Rápida visión dos premios de Literatura Infantil e Xuvenil fallados en castelán e catalán no ano 1993 polas diferentes editoriais, onde non só se nomean os galardoados (como é o caso de Agustín Fernández Paz coa súa obra *Trece anos de Branca*) senón que tamén algúns dos finalistas destes premios (como acontece con Andrés García Vilariño e *O segredo do novicio*).

Real, A., “Agustín Fernández Paz, *Rapazas*, 1993”, *Papeles de Literatura Infantil* (Servicio municipal de educación, seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 28.

Recensión na que se comenta o argumento de dous dos cinco relatos (“Visitante das estrelas” e “Dúas rosas murchas”) que coñpoñen esta obra. Saliéntase neles o protagonismo das protagonistas femininas.

Sánchez S., M., “Darío Xohán Cabana, *As viaxes do príncipe azul*, 1993”, *Papeles de literatura infantil* (Servicio municipal de educación, seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 29.

Desenvolvemento minucioso do argumento deste conto baseado nas lendas, mitos e personaxes dos relatos de transmisión oral pero salientando a crítica irónica que fai Darío Xohán Cabana deles.

Sen sinatura, “Los premios del 93”, *Clij* (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil) 60,

“Informe”, abril 1994, pp. 31-33, 58-59, 60.

Artigo no que se informa dos distintos premios de Literatura Infantil e Xuvenil tanto a nivel nacional coma autonómico. En cada caso, ofrécese un sucinto perfil biográfico do creador ou ilustrador galardoado, unha bibliografía, un breve resumo do contido da obra premiada e a opinión de cada un dos gañadores sobre diversos aspectos relacionados coa Literatura Infantil e Xuvenil en xeral, ou sobre cuestións propias do seu labor persoal. No tocante á Literatura Infantil e Xuvenil en lingua galega, inclúense tres premios cos correspondentes escritores galardoados. Estamos a falar de Agustín Fernández Paz, premiado co Edebé de Literatura Xuvenil por *Trece anos de Branca*; de Bernardino Graña, que obtivo o Premio Merlín pola obra *O gaiteiro e o rato Pérez* e de Darío Xohán Cabana, gañador do Premio O Barco de Vapor pola obra *O Castrón de Ouro*.

_____, “Nadal en Galego”, *Revista Galega de Educación* (Publicación de Nova Escola Galega, editada por Edicións Xerais de Galicia) 19, maio 1994, p. 102.

Dáse conta, nunha brevísima nota informativa, da saída da revista *Nadal en Galego*, editada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e acompañada dun cassette con 27 panxoliñas, nadais, cantos de Aninovo e de Reis coa colaboración dos grupos “Fuxan os ventos” e “A Quenlla”.

_____, “Actualidade educativa. Ano 1994”, *Revista Galega de Educación* (Publicación de Nova Escola Galega, editada por Edicións Xerais de Galicia) 21, outubro-novembro-décembro 1994, pp. 90-94.

Faise referencia ás actividades de carácter educativo que tiveron lugar no ano 1994 como as Xornadas de Educación Especial, o terceiro Certame de Integración Escolar, as VII^{as} Xornadas de Educación para a Paz, etc. e dáse debida conta dos premios e avances relacionados co mundo da Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia. Cítanse como acontecementos importantes o 7º Salón do Libro Infantil e Xuvenil; o Seminario sobre a Historia da Literatura Infantil e Xuvenil, dirixido por Miguel Vázquez Freire e celebrado con motivo do XX aniversario da Biblioteca Club 33; as actividades levadas a cabo polo Concello de Oleiros; a 6ª Semana de Animación á lectura infantil, celebrada no Centro Xuvenil Don Bosco, e as IV^{as} Xornadas de Lingua e Literatura, organizadas pola A.S.P.G. e a C.I.G. Entre as obras premiadas neste ano cítanse *Trece anos de Branca* de Agustín Fernández Paz, Premio Edebé; *A expedición do Pacífico* de Marilar Aleixandre, Premio Merlín e *A canción do rei* de Helena Villar Janeiro, seleccionada entre 200 títulos de todo o mundo pola Biblioteca de Munich.

Tarrío, J., “Carlos Casares, *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, 1993”, *Papeles de Literatura Infantil* (Servicio municipal de educación, seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 26.

Exponse o argumento da obra e salientase o carácter humanístico da mesma.

_____, “Alice Vieira, *Os ollos de Ana Marta*, 1993”, *Papeles de Literatura Infantil* (Servicio municipal de educación, seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 27.

Despois de desenvolver-lo argumento desta obra, o articulista reflexiona sobre os

medos, dúbidas e tormentos interiores da infancia.

———. “Oscar Wilde, *O príncipe feliz e outros contos*, 1993”, *Papeles de Literatura Infantil* (Servicio municipal de educación, seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 29.

Saliéntase a xenerosidade que, como tema común, interrelaciona os cinco contos que compoñen esta obra.

Varela, C., “Antonio Torrado, *A Nao Catrineta que ten moito que cantar*, 1993”, *Papeles de Literatura Infantil* (Servicio municipal de educación, seminario de Literatura Infantil), “Libros en galego” 18, abril 1994, p. 28.

Primeiramente salienta a importancia desta nova colección (Historias tradicionais), da editorial Ir Indo, na que se publican historias tradicionais e logo desenvolve o argumento.

Vassart, María M., “Entre los premios Andersen y la Feria del libro”, *Leer*, “Infantil y Juvenil” 72, Leer en Primavera, 1994, pp. 64-67.

Nun primeiro momento noméanse algunhas novidades editoriais que ían ser presentadas a finais de maio na Feira do Libro de Madrid, algúns títulos novos e outros xa galardoados con diferentes premios. Entre as obras premiadas cítase *Trece anos de Branca* (Premio Edebé de literatura xuvenil), do escritor galego Agustín Fernández Paz. Na segunda parte do artigo menciónase o Premio Andersen, galardón que se concede cada dous anos, para premiar unha traxectoria vital, e que neste ano se lle otorgou ó poeta xaponés, de 85 anos, Michio Mado, traducido ó castelán por Carmen Bravo Villasante. Finalmente dáse unha visión xeral das novidades que presentarán as diferentes editoriais.

Vidal, Engracia, “Recensións”, *Encrucillada* (Revista galega do pensamento cristián), nº 86, 87, 88, 89 e 90, 1994.

Nos artigos da revista que se glosan a continuación, Engracia Vidal dá datos básicos das obras chegadas á redacción da revista, fai pequenos comentarios que en ningún caso afondan máis do que o fan as lapelas das obras recensionadas. No nº 86 (p. 98) trata *Rapazas* de Agustín Fernández Paz e *Don Merlo con chaqueta* de Helena Villar Janeiro. No 87 (p. 211-212), *Andanzas e amizades dun robot pequeno* de Paco Martín, *O gaiteiro e o rato Pérez* de Bernardino Graña, *A luva máxica* de Xavier Frías Conde, *A encrucillada da torre* de Xosé Ramón González Álvarez e os novos títulos da Biblioteca Compás, unha colección de Edicións Xerais de Galicia. No 88 (pp. 317-318), a tradución de *Cincenta* de Perrault e *Unha lúa na fiestra* de Agustín Fernández Paz. No 89 (pp. 439-440), *Toribio revoluciona o tráfico* de Carlos Casares, *O capitán Ro e o gato Bo* de Gloria Sánchez, *Chamizo* de Fina Casalderrey, *Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. Docampo, *Nos Xardíns* de Lourdes Maceiras e *Polo correo do vento*, de Iglesia Alvaríño e no 90 (pp. 564-567), *S. O. S.* de Pepe Carballude, *Alén da aventura* de Carlos Vila Sexto, *Movida na biblioteca* de Josep Gregori, *O maravilloso mago de Oz* de Frank Baum, *Chucho Cacho* de Darío Xohán Cabana, *Cristo e San Pedro, peregrinos* de Bernardino Graña, *303 adiviñas* de Gloria Sánchez, *O terceiro home* de Graham Greene e a *Antoloxía do conto popular galego* de Henrique Harguindey e Maruxa Barrio.

3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDIOS E RECENSIÓNS

Castro R., Xabier, “Relatos sobre animais”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 30 xaneiro 1994, p. 11.

A sinxeleza e a doada comprensión son as cualidades que X. Castro louva na obra *Don Merlo con chaqueta* de Helena Villar Janeiro. O mesmo tempo fai unha valoración moi positiva sobre a calidade das obras da colección Merlín.

_____, “Soños e ilusións”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 10 abril 1994, p. 11.

Recensión que presenta a obra gañadora do Premio Merlín *O gaiteiro e o rato Pérez* de Bernardino Graña. Destácase o papel das ilustracións a cargo de M^a Fe Quesada e a “perfecta combinación do soporte literario co compromiso dos eventuais lectores” con mundos como o do xogo ou a natureza.

_____, “Un robot pequeno”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 17 abril 1994, p. 11.

Repaso polos anteriores libros de Paco Martín, a quen cualifica como unha das mellores voces literarias infantís dos últimos anos. En relación a *Andanzas e amizades dun robot pequeno* (1994), sinala que é unha representación da vida e das actitudes infantís.

_____, “Soños e lembranzas”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 24 abril 1994, p. 11.

Recensión de tipo argumental da obra *A encrucillada da torre* de Xosé Ramón González Álvarez. Afirmo o recensionista que a historia contada dende unha óptica infantil, reflicte perfectamente a dureza da posguerra.

_____, “`Chamizo`, un relato”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 10 xullo 1994, p. 11.

Recensión de tipo argumental da obra de Fina Casalderrey *Chamizo*, na que desenvolve o mundo interior de Martina, a protagonista, os seus pensamentos, dúbidas, etc.

_____, “Cinco relatos”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 17 xullo 1994, p. 11.

Neste artigo aparecen unhas breves pinceladas sobre a figura de Agustín Fernández Paz, ademais da recensión dos cinco contos que compoñen a súa obra, *Unha lúa na fiestra*. Temas como o real e o fantástico, o tempo futuro, a amizade, entre outros, son conxugados nesta nova creación ilustrada por Fran Jaraba.

_____, “Unha traxedia real”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 16 outubro 1994, p. 11.

Neste artigo cítanse algunhas das obras infantís de Pepe Carballude e coméntase a obra *S. O. S.* fixándose na estrutura e contido argumental.

_____, “Poesía para nenos”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 23 outubro 1994, p. 11.

Unha breve acollida ó libro *Polo correo do vento*, de Aquilino Iglesia Alvariño publicado na colección Merlín, que mostra a dimensión infantil dun poeta do que só coñecemos poesía para adultos.

_____, “Conto e memoria patrimonial”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 30 outubro 1994, p. 11.

Saliéntase neste artigo o libro de Henrique Harguindey e Maruxa Barrio, *Antoloxía do conto popular galego*, formado por un número importante de contos. Nesta

escolma veráse reflectido o máis profundo da cultura mariñeira e rural, un mundo tradicional no que a fantasía e a realidade están perfectamente vencelladas.

_____, “Relato infantil de Helena Villar”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 27 novembro 1994, p. 11.

Breve recensión sobre a obra de Helena Villar Janeiro, *Contos do paxaro azul*, un conxunto de cinco relatos infantís ilustrados por Francisco Bueno e nos que, segundo Xavier Castro, mestura a realidade co mundo da fantasía.

_____, “Intriga e suspense en Viena”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 4 decembro 1994, p. 11.

Aporta lixeiros datos sobre a vida e obra de Greene. Fai un breve resumo do argumento de *O terceiro home* e caracteriza a obra en cuestión como harmoniosa na súa estrutura e de fácil e amena lectura.

_____, “Unha xove aventura literaria”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 11 decembro 1994, p. 11.

Cualifica a obra de Carlos Vila Sexto *Alén da aventura* de “dignísimo traballo” pola súa carga de orixinalidade, fantasía e boa construción argumental. Augúralle un grande futuro a este novo autor.

De Castro Errotea, Xosé M^a, “O gaiteiro no outro lado do espello”, *A Nosa Terra* (Periódico Galego Semanal) 614, “Guieiro Cultural”, 24 marzo 1994, p. 26.

Crítica moi positiva da obra de Bernardino Graña *O gaiteiro e o rato Pérez*. Despois de relatar brevemente o argumento do conto, defíneo como unha boa historia infantil que, partindo da tradición fantástica galega, achégase ás tendencias máis modernas da literatura actual, como é a narrativa verde ou ecolóxica. Remata facendo unha pequena referencia a aspectos “mellorables” e recomendando encarecidamente a súa lectura.

I. G., “Suso de Toro da un giro a su trayectoria literaria con su nueva novela *A sombra cazadora*”, *El Ideal Gallego*, “Cultura”, 17 decembro 1994, p. 37.

Dá conta da publicación da obra *A sombra cazadora* do escritor galego Suso de Toro, que supón, segundo o articulista, un cambio na súa traxectoria literaria. Apórtase tamén unha breve recensión de carácter argumental sobre o citado libro.

Quintáns, M., “Un xogo marabilloso para nenos”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 11 novembro 1994, p. 10.

Precedida dunha breve introducción sobre o papel do xogo no ensino, M. Quintáns loubra unha publicación de Edicións Sálvora titulada *O Gran Libro das Palabras*, traslación ó mundo galego dunha creación de Malipiero S.P.A. Editore. Nesta obra, *O Gran Libro das Palabras*, todo xira ó redor dos destinatarios: nenos e nenas de curta idade. As ilustracións a cor son unha parte esencial do texto que funciona como un xogo para que os máis pequenos adquiran novo vocabulario.

Raña, Román, “Relatos xuvenís”, *Faro de Vigo*, “Faro das letras”, 10 decembro 1994, p. 4.

Na sección “Crítica” fai Raña un comentario de tipo argumental de cada un dos seis contos que compoñen a obra *Fantasía en re maior*, de Antonio García Teijeiro. Segundo o autor deste artigo, trátase duns relatos protagonizados por personaxes

con idades comprendidas entre a infancia e a adolescencia que actúan dun xeito realista: tentan emula-los seus heroes, teñen as primeiras aventuras amorosas, soñan utopías, etc. Opina Raña que están vencellados por un forte lirismo, pola tenrura e o fervor pola música.

Rego, María J., “Susos de Toro opta por una narración máis forte y activa”, *El Ideal Gallego*, “Cultura”, 21 decembro 1994, p. 38.

Faise eco da presentación da última novela de Susos de Toro, *A sombra cazadora*. O articulista inclúe tamén un breve comentario da obra e unha referencia á etapa anterior do escritor na que, segundo el, se dedicou a escribir sobre o que lle disgustaba.

X. G. G., “Obra menor dun mestre. *O terceiro home*”, *A Nosa Terra* (Periódico Galego Semanal) 649, “Guieiro Cultural”, 24 novembro 1994, p. 25.

Ademais de facer un sucinto comentario argumental da obra, fala do seu carácter de obra menor na traxectoria literaria de Greene. Así mesmo, fai referencia ó labor desacreditador que dende diversos sectores se está levando a cabo sobre a figura do autor e contrastao coa súa propia visión positiva e laudatoria.

4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN

Mayoral, Marina, “O sexismo na literatura infantil”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas soltas”, 31 marzo 1994, p. 8.

Marina Mayoral analiza brevemente o sexismo nos libros infantís. Comenta que a maioría dos textos para nenos teñen un protagonista masculino con profesións cualificadas, é dicir, son eles os que teñen o poder. Ademais, afirma a articulista que o home enriquece a súa personalidade con notas como a tenrura ou a imaxinación, cualidades tradicionalmente propias da muller. Deste xeito, os nenos atópanse cuns modelos ricos e imitables mentres que as nenas non teñen nas protagonistas femininas uns modelos axeitados.

Otero, David, “E hai unha nova literatura”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laiño”, 4 maio 1994, p. 14.

Loubanza dos escritores e escritoras en lingua galega que, coas súas obras, contribuíron e contribúen ó que David Otero chama Nova Literatura. Entre estes autores salienta os nomes de Paco Martín, Agustín Fernández Paz, Helena Villar, Gloria Sánchez, M^a Victoria Moreno e Valentín Arias, autores que, segundo David Otero, lle outorgaron á literatura galega a internacionalidade da que goza na actualidade.

5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

López, Carmela, “Unha novela crúa e insultante”, para o Xerais. Darío X. Cabana e Marilar Jiménez falan dos seus premios”, *O Correo Galego*, “Cultura”, 7 novembro 1994, p. 35.

Unha entrevista na que Marilar Aleixandre expón o contido da súa obra *A expedición do Pacífico* e as súas intencións no momento de escribila. Pola súa parte, Darío Xohán Cabana fala da súa novela *O cervo na torre*, aínda que non revela o argumento da mesma.

M. V., "Pepe Carreiro. `O que máis me gostaría é que os nenos adquirisen autoestima". A *Nosa Terra* (Periódico Galego Semanal) 653, "Guieiro Cultural", 22 decembro 1994, p. 29.

Entrevista a Pepe Carreiro sobre a súa obra *Historia de Galiza Infantil*, uns volumes que pretenden narra-la historia de Galicia "dende o Big-bang ata os Celtarras". Trátase dun conxunto de relatos breves ilustrados que contan co asesoramento histórico de distintos profesionais da materia. Nos libros podemos atopar un compendio dos diferentes ámbitos socio-culturais de tódalas épocas con ocasionais pinceladas de humor xa que, segundo Carreiro, "o humor achega máis as historias aos cativos".

Neira, E., "Suso de Toro deixa de ser nihilista na *Sombra cazadora*", *O Correo Galego*, "Cultura", 17 decembro 1994, p. 37.

Neira considera esta obra como unha novela de aventuras con heroes. Nunha entrevista con Suso de Toro, o autor compostelán asegura ter rematado con *Tic-Tac* un ciclo aberto no 1982. Afirmo que con *A sombra cazadora* abre un novo ciclo no que os protagonistas son unha mestura de heroes clásicos e personaxes infantís.

Oliver, Juan, "La lectura lo tiene todo en contra", *La Voz de Galicia*, "La Voz de la Escuela", 22 xuño 1994, p. 6.

Entrevista a Victoria Fernández, directora de *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil (CLIJ)*. Contesta a preguntas relacionadas cos hábitos lectores dos españois, centrándose especialmente nos da infancia e xuventude, e fai un balance positivo dos cinco anos e medio de vida da revista. Tamén se entrevista a Pepe Carballude Blanco, quen reflexiona sobre o que a literatura significa para el. O escritor fala tamén da súa actitude de apoio sen dogmatismo ó uso do galego e da súa visión da xuventude galega actual. Ademais, inclúense datos referentes á vida e obra do escritor.

Suárez Castaño, I., "La literatura es como una amante", *La Voz de Galicia*, 9 xaneiro 1994, p. 37.

Entrevista con Pepe Carballude Blanco, catedrático de Latín e escritor. O autor reflexiona sobre o seu traballo no instituto e sobre a xuventude actual; fala do uso do galego nas aulas e, finalmente, fai referencia ó seu labor como escritor e á súa opinión sobre a chamada Literatura Infantil e Xuvenil. Afirmo que lle gustaría "contar historias que sirvan para todos. (...) historias no etiquetables, pero si decodificables de forma distinta por públicos de edades diversas".

6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: PRESENTACIÓNS, NOTAS INFORMATIVAS E ESCRITOS VARIOS

Tódolos xornais, diarios e revistas baleiradas conteñen notas de redacción ou sen sinatura nas que se dá a benvinda a obras de recente publicación, comentarios de presentacións e felicitacións ós galardoados nos diferentes Concursos fallados no ano. Só glosaremos aqueles que se asinan.

A. N. E., "Xohán Cabana e Xela Arias acadan o Ramón Cabanillas", *O Correo Galego*, "Cultura", 6 novembro 1994, p. 49.

Breve información sobre o premio de traducción obtido por Xela Arias con *O*

derradeiro dos mohicanos; inclúe ademais un pequeno comentario biobibliográfico referente a esta autora lucense.

- B. H.**, “O Premio `Xerais’ foi obtido por Darío Xohán Cabana. Marilar Jiménez Aleixandre é a gañadora do Merlín de literatura infantil”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 6 novembro 1994, p. 87.

Sucinto comentario sobre a escritora Marilar Aleixandre galardoadada co premio Merlín de Literatura Infantil pola súa novela de aventuras *A expedición do Pacífico*. Presenta tamén unhas breves achegas á traxectoria literaria da autora e un breve perfil biobibliográfico do gañador por segunda vez do premio Xerais de novela, Darío Xohán Cabana; nesta ocasión, pola súa obra *O cervo na torre*.

- Carballa, Xan**, “Marilar Aleixandre gañou o Merlín con *A expedición do Pacífico*. Darío Xohán Cabana, gañador do Xerais con *O cervo na torre*”, *A Nosa Terra* (Periódico Galego Semanal) 647, “Guieiro Cultural”, 10 novembro 1994, pp. 28-29.

Breve nota informativa sobre a obra de Marilar Aleixandre *A expedición do Pacífico*, gañadora do premio Merlín de Literatura Infantil e entrevista con Darío Xohán Cabana sobre a novela *O cervo na torre* e a súa traxectoria literaria. Tamén se reproduce un fragmento desta obra galardoadada co Premio Xerais.

- Castro R., Xabier**, “Novos títulos en galego”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 9 xaneiro 1994, p. 11.

Coméntanse neste artigo as novas publicacións de literatura infantil e xuvenil presentadas pola editorial Sotelo Blanco. Nas coleccións A porta e A fiestra aparecen títulos como *O escarabello dourado* de Margarita Ballester e *O oso amarelo* de Joles Sennell, verquidos ó galego por Carme Hermida; *Cinco patas*, de Elisa Ramón traducido por Estrela Seivane e *O caracol rabolaranxa*, de Antonio Dalmases co apoio de Ana López Escrivá, na versión galega de Pilar Vilaboi.

- _____, “Unha tradución galega”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 9 outubro 1994, p. 11.

Despois de se referir á tradución ó castelán de *O misterio das badaladas* de Xabier P. Docampo, traducida por Rafael Chacón, o comentarista fai un percorrido pola estrutura e contido desta obra na que os lectores “poderán disfrutar das aventuras e misterios que se veñen ensarillando pouco a pouco no entretido discorrer deste articulado traballo de creación”.

- E. C.**, “Xerais organiza desde mañá en Ferrol unha semana adicada ó libro”, *El Correo Gallego*, 1 novembro 1994, p. 82.

Alúdese á inminente adxudicación dos premios Xerais de novela e Merlín de literatura infantil, citando os finalistas. Infórmase tamén da próxima saída de dúas coleccións de Edicións Xerais de Galicia, “Fóra de Xogo” e “Gran Merlín” (S. M.).

- Estro Montaña**, “Nove contos: novo libro de Salinger en galego”, *Faro de Vigo*, “Faro das letras”, 3 decembro 1994, p. 4.

O autor deste comentario fai unha comparación desta obra con *O vixía entre o centeo*, do mesmo autor e tamén verquida ó galego. Eloxia a sorpresa que produce no lector así coma a fácil conexión co mundo da infancia, debido á combinación de varios tipos de relatos e á constante intriga e tenrura.

F. P. E./I. G., “El día del libro duplicó ventas y la afluencia a las librerías”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 26 abril 1994.

No artigo ademais de facer referencia ó grande éxito de público que tivo este día, á elevada facturación e ás obras máis demandadas, faise unha breve mención da literatura infantil galega, sendo as obras máis vendidas deste xénero *Namora do lobo Pipo* de Bernardino Graña, *Rapazas* de Agustín Fernández Paz e *Chano* de David Otero.

_____, “‘Falar por falar’, la multiplicidad del narrador tradicional en la ‘Galán’”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 22 xuño 1994, p. 7.

O artigo céntrase na figura de Quico Cadaval, actor e director teatral, para indicar que se converterá no contacontos da sala Galán entre os días 22 e 24 de xuño. Coméntase como o seu teatro intenta ser unha representación fiel das historias de aparecidos e dos contos que lle contaban a súa avoa e unha anciá chamada Presenta. Por iso divide o espectáculo en dúas partes vencelladas por unha temática común: a simboloxía da viaxe dos vivos (no mundo real) e dos mortos (no mundo de ultratumba).

Fernández, C., “‘Os premios de literatura axudan a vivir’, según Darío Xohán Cabana”, *El Correo Gallego*, 21 febreiro 1994, p. 50.

Dáse a coñecer a Darío Xohán Cabana como o novo gañador do premio O Barco de Vapor de literatura infantil. O título gañador é *Castrón de Ouro*, no que, en clave de humor, son relatados certos períodos históricos.

García, Rosa, Teijido, Maite e Mozo, Marta, “Pedro e o lobo. O primeiro libro musical español ‘dorme’ no IGAEM”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 27 marzo 1994, pp. 18-19.

O artigo desenvólvese ó redor do retraso na saída á luz deste proxecto de *Pedro e o lobo* deseñado e realizado por ACK Comunicación coa coordinación de Luís Mariño. Recolle, ademais do libro, con ilustración de Miguelanxo Prado e textos de Miguel Anxo Murado, un compact disc e un vídeo. As articulistas louban a empresa, comentan as súas orixes e reproducen as impresións de Miguelanxo Prado a propósito do retraso, que el atribúe a razóns burocráticas. Ademais baixo o título “Miguelanxo Prado: 7 meses para 23 páxinas tenebristas” analízase con atención o labor do ilustrador.

I. G., “‘Nova 33’ dedica su boletín al Día Internacional del Libro Infantil y Juvenil”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 12 abril 1994, p. 10.

Neste artigo faise público o anuncio de varias actividades da Biblioteca “Nova 33” entre as que se salientan: a edición do seu boletín informativo número 36, dedicado ó Día Internacional del Libro Infantil y Juvenil; no que lle comunica ó lectorado infantil que “el mundo es de los que leen”, e recolle unha lista de libros galegos publicados no 1993. Alúdese tamén á xornada de: “Proverbios y refranes: as palabras xustas”, á proxección da película “Los caballeros de la mesa cuadrada” do director Monthly Python, etc..

_____, “La Sala Galán presenta a Quico Cadaval, narrador de cuentos en ‘Falar por falar’”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 17 xuño 1994, p. 9.

No artigo anúnciase a representación do espectáculo “Falar por falar” por parte do actor Quico Cadaval na sala Galán e que está dividido en dúas partes: “Eusápia dos Mortos” e “Cruzeiro a Babilonia”. Ademais faise mención doutros actos teatrais que terán lugar na citada sala.

_____, “‘Edicions Xerais’ convoca el IX Premio ‘Merlín’ de literatura infantil en lingua gallega”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 3 xullo 1994, p. 8.

Anuncio da convocatoria do Premio Merlín de literatura infantil. Informa sobre as súas bases e de cómo se levará a cabo a selección do xurado que o outorgará.

_____, “La biblioteca ‘Nova 33’ convoca el VIII premio de narración juvenil”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 6 xullo 1994, p. 9.

Informa da convocatoria do devandito premio e dá cumprida conta das bases que o rexen.

_____, “Mostra de Teatro Xeración Nós”, *El Ideal Gallego*, “Ferrol”, 23 setembro 1994, p. 9.

Faise pública a Mostra de Teatro Infantil Galego “Xeración Nós”, organizada polo Concello de Narón e que terá lugar do 14 ó 19 de novembro. Ademais de numerosas representacións teatrais, presentarase o xurado do concurso de textos de teatro que fallará o gañador desta edición.

_____, “Don Bosco divulga lá literatura en la “VI Semana de Lectura”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 23 setembro 1994, p. 8.

Baixo o lema: “Aventúrate no tempo” o Centro Xuvenil Don Bosco celebrará dende o 26 ata o 30 de setembro a VIª Semana de animación á lectura infantil. Pretende o achegamento do lectorado máis novo á literatura infantil e xuvenil, tanto galega coma castelá. Faise en catro sesións: Idade Prehistórica, Idade Media, Idade Actual e historia do cine mudo. Entre as numerosas actividades previstas (Xornadas de debuxos animados, xornadas de reciclaxe...), tense organizada unha merenda co escritor David Otero.

_____, “La Biblioteca ‘Club 33’ inaugura esta tarde la nueva actividad “Hora do conto”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 27 setembro 1994, p. 5.

Anúnciase que a escritora Paula Carballeira e o actor Xosé Antonio Porto asistirán esta tarde á Biblioteca “Club 33” para a inauguración da “Hora do conto” que terá lugar tódolos martes nos locais desta biblioteca da rúa Nova.

_____, “Biblioteca ‘Nova 33’ inauguró la ‘Hora do conto’ para niños”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 28 setembro 1994, p. 8.

Informa que a Obra Social da Caixa Galicia promoverá unha actividade na Biblioteca ‘Nova 33’ para este curso académico: A Hora do Conto. A presentación deste proxecto acudiron a escritora Paula Carballeira e o actor Xosé Antonio Porto.

_____, “El ilustrador Xan López muestra sus dibujos a partir de mañana en la galería ‘Citania’”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 20 outubro 1994, p. 9.

Neste artigo comunícase a inauguración da exposición de Xan López Domínguez na galería de arte “Citania”, ó tempo que se dan unhas breves notas da súa biografía e do seu traballo como ilustrador de literatura infantil e escritor. Saliéntase o feito de

ser galardoado no 1993 co premio Unicef “Ilustrador do ano” e co mesmo premio da revista *El Urogallo* no citado ano.

- _____, “El dibujante Miguel Anxo Prado recibió un premio internacional en Portugal”, *El Ideal Gallego*, “Galicia”, 23 outubro 1994, p. 19.

Dá a noticia de que Miguel Anxo Prado, debuxante de tebeos, ven de recibilo Premio de Honor del Festival Internacional de Historieta de Amadora. O artigo céntrase na quinta edición do citado certame, mencionando algunhas das personalidades do mundo da ilustración a nivel mundial que alí se darán cita.

- _____, “Talleres de creación literaria en la biblioteca `Nova 33’”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 4 novembro 1994, p. 23.

Breve informe sobre a próxima celebración duns talleres de creación literaria que culminarán coa elaboración dun libro entre tódolos participantes. Organizaranse tamén exposicións bibliográficas, a chamada “Hora do conto” para os máis pequenos, así como un taller de fotografía.

- _____, “La nueva junta directiva Gálix proyecta organizar un congreso del libro infantil”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 18 novembro 1994, p. 23.

Dá conta dos proxectos da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) entre os que se atopan a celebración en Santiago do IIº Congreso español do libro infantil, a elaboración de catálogos de libros galegos para nenos e xoves correspondentes ós anos 1992, 1994 e 1995 e o seguimento puntual da información relacionada co libro infantil e xuvenil.

- _____, “El libro *S.O.S* de Pepe Carballude será presentado esta tarde en Ponteceso”, *El Ideal Gallego*, “Area Metropolitana”, 15 decembro 1994, p. 18.

Breve nota sobre a presentación do libro *S.O.S.* de Pepe Carballude no transcurso da programación do Nadal Cultural, organizado pola Asociación Cultural “Monte Blanco” de O Couto.

- _____, “‘Alvaro Cunqueiro’, ‘Carlos Velo’ y ‘Ramón Cabanillas’”, *El Ideal Gallego*, “Cultura”, 16 decembro 1994, p. 29.

Breve referencia ós galardoados cos devanditos premios entre os que se atopa Xela Arias, que obtivo o Ramón Cabanillas de tradución pola versión galega da obra de Fenimore Cooper, *O derradeiro dos mohicanos*.

- _____, “‘Nova 33’ entrega hoy los premios del `VII Concurso Narracións Xuvenís’”, *El Ideal Gallego*, “Santiago”, 20 decembro 1994, p. 25.

Breve comentario sobre a entrega dos premios do VIIº Concurso de Narracións Xuvenís convocado pola Biblioteca Nova 33, da Fundación Caixa Galicia.

- _____, “La próxima edición de la Mostra de Teatro se celebrará en el municipio de Fene”, *El Ideal Gallego*, “Ferrol”, 20 decembro 1994, p. 24.

Breve informe sobre a próxima celebración da Mostra de Teatro Infantil Xeración Nós que terá lugar no municipio ferrolán de Fene. Os gañadores desta edición foron Carlos Labraña, María Jesús Guillén e Miguel García Cernuda que, baixo o pseudónimo “Eco, eco”, presentaron a obra *A Escada*.

Iglesias, Ana, “Érase una vez, ... un gran relato”, *El Correo Gallego*, 18 febreiro 1994, p. 34.

Comunícase neste artigo o comezo dun Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil, organizado pola Biblioteca Nova 33 e Gálix, no que o escritor Miguel Vázquez Freire será o encargado de coordina-las intervencións dos especialistas nos diferentes ámbitos lingüísticos.

_____, “Messié Guiñol llegó al Principal para inaugurar la programación infantil”, *El Correo Gallego*, 24 decembro 1994, p. 41.

Breve referencia á apertura dun programa de Teatro Infantil cunha duración de catro días.

_____, “La compañía rusa Skazka deleitó a los “peques” con una obra de títeres”, *El Correo Gallego*, 25 decembro 1994, p. 37.

Neste artigo expóñense as datas nas que actuarán as distintas compañías teatrais e de títeres e que deleitarán ós nenos e nenas no Principal.

Janeiro, Darío, “Ilustradores e nenos cheos de solidaridade”, *O Correo Galego*, “Cultura”, 13 novembro 1994, p. 55.

Con motivo da assemblea de GALIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), Darío Janeiro fai un comentario breve sobre a actividade desta organización. Ademais informa sobre un futuro catálogo que a citada asociación ten previsto publicar.

López, Carmela, “Cabana gañou o Xerais cunha obra `crúa e mesmo insultante”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 7 novembro 1994, p. 59.

Neste artigo recensiónase a obra de Marilar Aleixandre *A expedición do Pacífico*, unha novela de aventuras baseada nunha realidade pasada e sobre a que a autora aporta o seguinte comentario: “Tentei facer unha incitación á rebeldía, a non quedarse nos canons establecidos”. Ademais, Darío Xohán Cabana, brevemente, expón o trasfondo da súa novela *O cervo na torre*, gañadora do premio, “unha novela que saíu do corazón” e que é “a miña verdade e a do meu país, que camiña a trancas e barrancas na percura da utopía”.

M. Q. S., “Un premio infantil”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 6 febreiro 1994, p. 11.

Presentación da obra gañadora do certame de narrativa infantil *O Barco de Vapor: Os naufragos de Malakadula* de Alberto Avendaño, na que a acción se sitúa no descoñecido mundo das lendas que falan da Costa da Morte.

_____, “Música, palabra e tradición”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 27 marzo 1994, p. 11.

Breve referencia á aparición e ás características da revista *Nadal en Galego*.

M. Viejo, “Novidades editoriais para o outono”, *O Correo Galego*, “Cultura”, 23 setembro 1994, p. 36.

Repaso polas principais novidades outonais das máis importantes editoriais galegas. Entre as obras de recente aparición atópanse algunhas de literatura infantil e xuvenil.

Quintáns S., M., “Contos clásicos en galego”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 5 xuño 1994, p. 11.

O texto deste artigo louva a publicación da Editorial Sálvora, na súa colección “Os meus contos clásicos favoritos”, de traducións ó galego dos contos clásicos. Neste comentario, destácanse *Aladino e a lámpada marabillosa*, *A Sireíña*, *Peter Pan*, *Pinocho* e *A princesa durmida*.

_____, “O meu libro-xogo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 13 xuño 1994, p. 11.

Salienta este artigo a importancia pedagóxica do libro na formación e familiarización dos nenos e nenas coa propia lingua. Tomando como base a aparición da colección “O meu libro-xogo” da Editorial Sálvora, comenta as ventaxas destes textos no proceso educativo do neno galego.

Qumata, Roberto, “Helena Villar, o triunfo da lingua minorizada”, *O Correo Galego / El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 maio 1994, p. 53 e p. 51.

Comenta a selección dun dos seus libros, *A canción do rei*, para a Biblioteca Xuvenil Internacional de Munich (entre 200 títulos presentados), o que amosa unha vez máis o recoñecemento público de Helena Villar como unha das grandes figuras da literatura infantil e xuvenil das letras galegas, en loita polo noso idioma.

_____, “Filosofía para Nenos”, *El Correo Gallego*, 7 xullo 1994, p. 59.

Comunicase a saída de dous relatos infantís de Lipman, verquidos ó galego polo mestre Manuel Miragaia, tomando a filosofía como marco referencial.

Recio, Reyes, “Aunar valías cunha soa meta: calidade. Helena Villar, o espírito da creatividade”, *O Correo Galego*, “Lecer, O sentir das letras galegas”, 22 maio 1994, p. 19.

O artigo transmítenos as opinións de Helena Villar acerca da colaboración literaria, falando dende a súa propia experiencia persoal. Ademais tamén se nos dá a coñecela súa postura no uso do galego como lingua literaria e o que pensa do grao de lectura en Galicia.

_____, “As raíces galegas feitas literatura”, *O Correo Galego*, “Lecer, O sentir das letras galegas”, 22 maio 1994, p. 19.

Artigo no que Reyes Recio fai un repaso pola vida de Xesús Rábade a través das propias confesións do escritor. Ademais de datos biográficos, aparecen impresións acerca do labor creativo, da conciencia de galeguidade, da situación actual da lingua galega, etc.

Regueiro, Enrique, “Unha lúa na fiestra”, *Faro de Vigo*, “Faro das letras”, 10 decembro 1994, p. 4.

Na sección “Anaquel de Novidades” faise a presentación desta obra de Agustín Fernández Paz, nomeando ó mesmo tempo as obras máis importantes do autor.

Ríos, Héctor A. de los, “A literatura infantil perde a Bravo-Villasante”, *O Correo Galego*, “Cultura”, 17 xuño 1994, p. 38.

Comunica o falecemento da escritora e ensaísta Carmen Bravo-Villasante, autora de numerosos estudos e recompilacións de literatura infantil española e universal, dos que fai un pequeno resumo.

Rodríguez, Pilar, “Para saír fóra de Galicia xa non fai falla escribir soamente en castelán. O escritor Agustín Fernández Paz vén de gañalo premio Edebé 1994”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 25 febreiro 1994, p. 38.

Perfil biográfico, breves notas argumentais sobre a obra gañadora e opinións de Agustín Fernández Paz sobre a literatura infantil, “un xénero máis, como a novela negra ou a de aventuras”, segundo o autor, que fala tamén das diferencias entre esta e a literatura para adultos. Na súa opinión, as diferencias non están na temática senón na linguaxe que ten que adaptarse ós receptores.

Sande, J.M., “Los escolares de Muros rindieron un homenaje a Úrsula Heinze”, *La Voz de Galicia*, 30 xaneiro 1994, p. 43.

Dá noticia do acto realizado e promovido polo Departamento Municipal de Cultura do Concello de Muros, no que participou Ursula Heinze, con motivo da Campaña de Promoción á Lectura. Nel os escolares representaron unha peza teatral baseada na obra de Ursula Heinze para homenaxeala.

Soliña, María, “Cóntame un conto”, *O Correo Galego*, “Galicia, xente nosa”, 22 setembro 1994, p. 48.

Neste artigo recóllense datos biobibliográficos de Helena Villar, facendo unha mención particular da obra *Cóntame un conto*.

Suárez, José, “La familia a través del cuento”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 2 marzo 1994, p. 3.

Infórmase sobre a acción emprendida pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez con motivo da celebración do Ano Internacional da Familia. Esta organización publica un catálogo de contos seleccionados por idades para que os mestres e escolas de país poidan trata-los diversos temas que teñen interese no desenvolvemento da idea de “familia”. *La Voz* fai unha selección de doce contos e comenta brevemente o seu argumento: *Cuando Lotte se volvió invisible, Mai, Piotr, Historias de Franz, Si yo tuviera, Un tiesto lleno de lápices, Abuelita apalina, ¿Quién ayuda en casa?, Matilda, Patatita, Camila,...El Rey Pepino*.

7. FOLLETOS DE NOVIDADES DAS EDITORIAIS

Alvarez Núñez, Sabela, “Rapazas, de Agustín Fernández Paz”, Vigo: *Boletín de Novidades Xerais* 17, primavera 1994, p. 3.

Recensión de tipo argumental que se centra nun dos cinco relatos que compoñen a obra, o titulado “Un curso con Ana”. Precede á recensión un breve comentario sobre a novidade que supón esta obra de Agustín Fernández Paz protagonizada por cinco rapazas, elemento que, xunto á presenza do marco escolar dálle unidade ó relato.

B. F., “O Xerais en Ferrol”, Vigo: *Boletín de Novidades Xerais* 20, outono 94, p. 1.

Informe das actividades que se desenvolveron ó redor do acto de entrega dos premios Xerais de Novela e Merlín. Coméntase que este ano a literatura infantil foi protagonista xa que se editou o *Libro de notas* da colección Merlín, con ilustracións de Miguelanxo Prado, en recordo da participación de escolares na “Exposición Permanente da Ilustración da Colección Merlín” que se realizou tamén nestas datas. Do

mesmo xeito, “A ilustración na literatura infantil galega” foi obxecto dunha mesa redonda na que participaron Xan López Domínguez, Xaquín Marín, Miguelanxo Prado e Siro López, moderada por Carmen Bar Cendón.

Bernárdez, Carlos L., “O derradeiro dos mohicanos”, Vigo: *Boletín de Novidades Xerais* 17, primavera 1994, p. 1.

Logo dun percorrido inicial pola obra de James Fenimore Cooper, Carlos L. Bernárdez fai un amplo resumo do argumento de *O derradeiro dos mohicanos*. Destaca desta obra a mestura de realismo e idealismo e tamén, a máis que posible influencia de James Macpherson no autor americano. Para rematar, o autor deste comentario, gaba a versión galega de Xela Arias por respecta-la obra orixinal na súa integridade.

C. S., “O Premio Merlín é un soño soñado”, Vigo: *Boletín de Novidades Xerais* 17, primavera 1994, p. 1.

Contén en primeiro lugar unha breve introducción que nos achega ó labor literario de Bernardino Graña. Séguelle unha entrevista co autor na que este contesta a preguntas relacionadas coa súa obra infantil. Fai comentarios sobre a importancia de recibir-lo Premio Merlín, sobre a obra gañadora, a relevancia das ilustracións nos libros para a nenez, o que implica escribir para a infancia, o papel da literatura oral na actualidade e a situación da literatura para xente nova en galego hoxe.

_____, “A luva máxica”, Vigo: *Boletín de Novidades Xerais* 17, Primavera 1994, p. 2.

Pequeno resumo do argumento desta obra de Xavier Frías Conde, centrándose especialmente no primeiro dos tres contos que constitúen a mesma.

Couto, Xoán, “*O gaiteiro e o rato Pérez*”, Vigo: *Boletín de Novidades Xerais* 17, primavera 1994, p. 2.

Atopamos un resumo bastante amplo do contido do libro, ó que lle segue unha análise do mesmo. Esta análise parte da presentación de dúas reivindicacións básicas na obra: a necesidade de potencia-lo escaso hábito lector e a defensa do mundo da aldea fronte ó da cidade. Partindo destas dúas premisas, coméntanse os temas e o significado da obra.

F. A., “Marilar Aleixandre: “interésanme as persoas que pensan ou imaxinan contracorrente”, Vigo: *Boletín de Novidades Xerais* 20, 1994, p. 4.

Entrevista a Marilar Aleixandre con motivo do premio obtido pola súa obra *A Expedición do Pacífico*. Nela a autora explica que se trata dunha novela de aventuras baseadas na realidade.

Fernández Paz, Agustín, “Seis títulos para Merlín”, Vigo: *Boletín de Novidades Xerais* 20, outono 1994, p. 4.

Con motivo do VIº aniversario da colección Merlín, este autor fai un comentario xeral sobre a evolución da mesma dende os inicios, nos que o obxectivo era crear “unha colección orientada case exclusivamente a textos escritos en galego”, así como apoia-los ilustradores galegos, ata a actualidade na que contan co transcendental apoio do Premio Merlín. Presenta como novidades: *Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. Docampo, *Ondas de verde e azul* de Ana Mª Fernández, *O capitán Ro e o gato Bo* de Gloria Sánchez, *Chamizo* de Fina Casalderrey, *Polo correo do vento* de Aquilino Iglesia Alvariño e *Movida na biblioteca* de Josep Gregory.

M. B., “Don Merlo con chaqueta”, *Boletín de Novidades Xerais* 17, Primavera 1994, p. 2.

Descrición desta obra, dirixida ós primeiros lectores, e composta por 15 relatos protagonizados por animais e elementos naturais.

_____, “Gran Merlín, a oralidade”, Vigo: *Boletín de Novidades Xerais*, Nadal 1994, p. 2.

Onde se fai un breve comentario sobre a nova colección da Editora Gran Merlín, que recolle a literatura de transmisión oral dirixida a un lectorado novo. Colección que se inicia coa obra *303 adiviñas* de Gloria Sánchez e con *Cristo e San Pedro, Peregrinos* de Bernardino Graña. Así mesmo, espérase amplia-la colección con outro libro do autor anterior, *Cantigas de Santa María*, cun prólogo de don Xosé Filgueira Valverde.

V. R., “Interésame esa terra de ninguén que é a pre-adolescencia”, *Boletín de Novidades Xerais* 17, primavera 1994, p. 3.

Entrevista con Agustín Fernández Paz sobre a súa obra *Rapazas*, un libro que, segundo o autor, supón unha novidade en canto ó emprego de novos xéneros como a ciencia-ficción ou os relatos de pantasma. Sen embargo, o feito de que as protagonistas sexan nenas non supón nada novidoso no autor, afeito a que nas súas obras abunden as personaxes femininas.

Viqueira, Manolo, “Gianni Rodari. O tren azul” e “Agustín Fernández Paz, *Unha lúa na fiestra*”, *Boletín Editorial Galaxia* 21, abril-maio-xuño 1994, pp. 2 e 3.

No primeiro comentario preséntase a colección O tren azul “como unha invitación á creatividade” e tres títulos de Gianni Rodari coeditados por Galaxia, Pirene e Elkar, libros que “privilexian os aspectos lúdicos da lectura e están cheos de gracia e imaxinación”. No segundo, coméntase a obra de Agustín Fernández Paz, *Unha lúa na fiestra*, libro composto por cinco contos que aborda temas variados. Saliéntase a súa utilidade tanto para a xente nova coma para o profesor ó fomenta-la reflexión e a imaxinación creativas.

X. R. A., “Paco Martín, *Andanzas e amizades dun robot pequeno*”, *Boletín de Novidades Xerais* 17, Primavera 1994, p. 2.

Breve recensión de carácter laudatoria/argumental que se centra nos personaxes da obra. Nel dise pouco máis ca na lapela do libro.